

***Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a edición de audiolibros e libros de lectura fácil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento CT238B e CT238C)***

De acordo co establecido no artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia e, en consonancia co estipulado no artigo 148.1 da Constitución española, a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de promoción da cultura. No marco deste ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude está orientada a manter o impulso do sector cultural galego que, ademais de representar un factor determinante para a identidade e a cohesión social, representa unha oportunidade de desenvolvemento económico que se debe reforzar con políticas proactivas encamiñadas a fortalecer o ecosistema das industrias creativas e culturais, ao tempo que se garante o pleno acceso á cultura de todas as persoas.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten entre os seus principais cometidos a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, que se substan- cian principalmente a través das accións de fomento da cultura que contribúen ao desenvolvemento da literatura e o estímulo da creación literaria.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, establece entre os seus obxectivos os de procurar o crecemento e a diversificación dos produtos editoriais galegos así como o apoio da ampliación da oferta editorial en lingua galega naqueles eidos onde presenta maiores carencias. Por esta razón, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Cultura, desenvolve un plan de apoio ao sector editorial no que se priman tanto a produción como o estímulo da creación literaria, a través da convocatoria de axudas públicas.

No marco das políticas públicas de apoio ao sector do libro que desenvolve a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Cultura, e trala análise dos hábitos de lectura da poboación, detectouse que o mercado dos audiolibros se atopa nunha tendencia alcista nos últimos anos. Segundo o *Estudo sobre os hábitos lectores e compra de libros en Galicia 2023*, en 2023 o 4,8 % da poboación galega foi usuaria de audiolibros, destes, o 15,2 % escoita os audiolibros en galego. Dos usuarios e usuarias de audiolibros, o 3,3 % da escóitaos polo menos unha vez ao trimestre e un 1,5 % faino semanalmente.

Segundo o *Informe Hábitos de Lectura y Compra de Libros en España 2023*, o número de usuarios de audiolibros medrou ata acadar o 6,9% da poboación española fronte ao 5,4% de cidadás e cidadáns que declarou escoitar audiolibros en 2022, isto supón un crecemento global de máis de 3,8 puntos con respecto aos datos de 2020. Se-





gundo este mesmo estudo, a literatura foi a materia máis escoitada en 2023 (87 %), dentro da que destaca a novela.

Por estes motivos, decidiuse poñer en marcha esta liña da convocatoria para favorecer a produción e comercialización de audiolibros, co obxecto de incrementar a oferta editorial de audiolibros en galego.

Outro ámbito no que se detecta a necesidade de incrementar o apoio á produción editorial é no da lectura fácil. A lectura fácil é unha metodoloxía que recolle unha serie de pautas e recomendacións para facer accesible a información a persoas con dificultades de comprensión lectora, tendo en conta o contido, a linguaxe, as ilustracións, a maquetación e o deseño gráfico. A produción de libros a través desta técnica é reducida, representan o 0,21 % da colección da plataforma estatal de préstamo en liña, *eBiblio*, e o 0,55 % da colección de *GaliciaLe*, a plataforma autonómica de préstamo en liña. Por este motivo decidiuse poñer en marcha esta liña da convocatoria para a produción de libros en lectura fácil, co obxecto de favorecer o acceso universal á cultura por parte de toda a poboación.

Polo tanto, esta convocatoria de axudas ponse en marcha co obxectivo de incentivar ás empresas do sector editorial para a que incrementen a produción de libros, que favorezan tanto a dixitalización como o acceso universal á cultura, a través da posta no mercado tanto de audiolibros como de libros en formatos de lectura fácil.

En cumprimento das competencias desta consellería en materia de promoción da cultura e estímulo da creación literaria, esta orde regula dúas modalidades de subvencións dirixidas a empresas do sector editorial que aposten pola produción de audiolibros e de libros de lectura fácil que, ademais, son formatos que favorecen a cultura inclusiva e accesible e contribúen ao acceso universal a unha cultura rica, plural e diversa.

*Modalidade A. Axudas ao sector editorial, relativas a gastos de produción, distribución e comercialización de audiolibros en galego.*

*Modalidade B. Axudas ao sector editorial, relativas a gastos de produción, distribución e comercialización de libros de lectura fácil en formato físico ou dixital, en galego.*

Por todo isto,





## DISPOÑO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións comúns ás dúas modalidades

##### Artigo 1. Obxecto

1. Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións a aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten a condición de editoras de acordo co establecido na presente orde, para o que deberán estar dadas de alta antes do 1 de xaneiro de 2025, na epígrafe 476.1 edición de libros, do imposto de actividades económicas.
2. As axudas van dirixidas a apoiar o sector editorial no que se refire aos gastos derivados da edición (produción), distribución e comercialización das súas publicacións en formato audiolibro e libros adaptados ou creados en formato de lectura fácil en galego; editados, comercializados e distribuídos entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.
3. Esta orde regula as seguintes modalidades de produción, distribución e comercialización:
  - a). Modalidade A. *Axudas ao sector editorial, relativas a gastos de produción, distribución e comercialización de audiolibros en galego (CT238B).*
  - b). Modalidade B. *Axudas ao sector editorial, relativas a gastos de produción, distribución e comercialización de libros de lectura fácil en formato físico ou dixital, en galego (CT238C).*
4. Así mesmo, ten por obxecto convocar as subvencións para o ano 2025.

##### Artigo 2. Principios de xestión

A xestión deste procedemento realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.





### Artigo 3. Normativa aplicable

No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 10/2007, de 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade y da súa inclusión social.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma.

E, suplementariamente:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.





#### **Artigo 4. Natureza e concorrência das axudas**

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrência competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Os mecanismos e as medidas a aplicar no procedemento para reducir o risco de fraude e de corrupción e os conflitos de intereses ateranse ao previsto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
3. As axudas establecidas nesta orde para apoiar o libro galego quedan suxeitas ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión de 13 de decembro de 2023 relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 15 de decembro de 2023, L).
4. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) nº 2023/2831. A contía total das axudas de minimis concedidas a unha empresa non poderá exceder os 300.000,00 € durante o período dos tres anos previos á data da concesión. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas de minimis non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.
5. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrência con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a entidade beneficiaria.

#### **Artigo 5. Financiamento**

1. As axudas, de carácter plurianual, concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.770.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025, por un importe máximo de 150.000 €, dos cales 70.000€ corresponden á anualidade 2025 e 80.000 € á anualidade 2026.





2. Este expediente tramítase ao abeiro do artigo 26 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente de subvención plurianual.

De conformidade co establecido no artigo 58.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

3. Sen prexuízo das dotacións indicadas en cada modalidade, cando por razón de falta de solicitudes ou de incumprimentos de requisitos, ou de falta de calidade das solicitudes presentadas non se esgotase a contía establecida nalguna das modalidades, o órgano instrutor propoñerá motivadamente ao conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que resolva o incremento da dotación asignada a outra modalidade co excedente xerado. No caso de que non se esgote a dotación da modalidade A, o sobranse pasaría á modalidade liña B, se sobrase na B pasará á A. Para a materialización de tal operación será preciso que o procedemento relativo á modalidade en que se xere o excedente se resolva previamente e que o relativo á modalidade destinataria se atope sen resolver.

## **Artigo 6. Gastos subvencionables**

Só se financiarán os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a súa realización:

### **1. Modalidade A. Produción e comercialización de audiolibros en galego**

a). Gastos de preparación da obra para a súa conversión: considéranse gastos de preparación os gastos de produción, gravación, edición, masterización, exportado, gastos de autoría, dirección, locución, corrección editorial, ou calquera outro gasto de similar natureza.

b). Gastos de alugueiro ou de disposición do equipo técnico necesario para a produción final.

c). Gastos de distribución: calquera actuación que permita a chegada da obra ás canles de difusión dixitais para acadar a posta efectiva ao dispor do público.

d). Gastos de comercialización: estratexias de márketing e publicidade en diferentes canles que favorezan o consumo da obra.

### **2. Modalidade B. Produción e comercialización de libros de lectura fácil**

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





- a). Custe editorial: considéranse gastos de custe editorial, os de autoría, adaptación, tradución, revisión, validación, maquetación, custos de impresión, dixitalización ou calquera outro de natureza similar.
- b). Gastos de distribución: calquera actuación que permita a chegada da obra ás canles de difusión físicas ou dixitais para acadar a posta efectiva ao dispor do público.
- c). Gastos de comercialización: estratexias de márketing e publicidade en diferentes canles que favorezan o consumo da obra.

## **Artigo 7. Persoas beneficiarias**

- 1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde aquelas persoas, físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 1 da presente orde.
- 2. As persoas, físicas ou xurídicas, solicitantes deben acreditar a condición de editoras de acordo co establecido na presente orde, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3. Para acceder ás subvencións previstas nesta convocatoria as persoas beneficiarias deberán estar ao corrente do pagamento de obrigas por reintegro de axudas públicas.
- 4. As persoas beneficiarias deberán cumprir os restantes requisitos establecidos pola Lei de subvencións de Galicia.
- 5. Entidades excluídas:
  - a). Aquelas que se atopen nos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - b). Aquelas que se atopen sancionadas administrativa ou penalmente coa perda da posibilidade de obtención de subvencións públicas, ou incorra en prohibición legal algunha que a inhabilite para iso, con inclusión das que se produciron por discriminación de sexo de conformidade co disposto na Disposición Final sexta da Lei 4/2005, do 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes.
  - c). Non se concederán subvencións ás solicitudes formuladas por asociacións e fundacións.





## Artigo 8. Requisitos de participación

1. As persoas, físicas ou xurídicas, solicitantes presentarán un plan de edición por cada obra para a que soliciten subvención en cada unha das modalidades desta convocatoria de axudas.

2. Subvencionaranse a edición e a comercialización de libros que pertencen a algúns dos seguintes xéneros: novela, poesía, teatro, banda deseñada, ensaio e divulgación científica.

3. Entenderase o concepto de libro segundo a definición dada pola Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, para o caso dos libros creados ou adaptados en formato de lectura fácil, podendo publicarse de maneira impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura.

4. Os audiolibros e libros creados ou adaptados de lectura fácil para os que se solicite subvención deberán reunir as seguintes características:

a). Idioma. Os libros creados ou adaptados de lectura fácil e os audiolibros obxecto de subvención deberán estar correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e nas Normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega).

b). Propiedade Intelectual. As persoas físicas ou xurídicas editoras solicitantes, deberán garantir que ostentan lexitimamente todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os proxectos obxecto de subvención e, neste senso, o cumprimento da lexislación na materia.

c). Depósito Legal. En todos os casos de publicacións, en formato físico, obxecto de subvención, a editora beneficiaria deberá constituír o correspondente Depósito Legal. Non se subvencionará ningunha publicación que careza do número asignado.

d). ISBN. En todos os casos de publicacións obxecto de subvención, a editora beneficiaria deberá cumprimentar os trámites legais para a asignación do ISBN. Non se subvencionará ningunha publicación que careza do número asignado.

e). Difusión dos programas de dixitalización e cultura accesible. As persoas beneficiarias comprométense a mencionar que a obra, foi subvencionada pola Xunta de Galicia.

- Para o caso dos audiolibros, ao final da alocución deberase escoitar o seguinte: «É unha obra subvencionada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia».





- Para o caso dos libros de lectura fácil, na páxina de créditos deberá constar o seguinte texto: «Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia». Tamén se fará constar o logo oficial da Xunta de Galicia, que se obterá a través da seguinte ligazón <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>.

f). Os libros de lectura fácil editados, tanto en formato físico como en formato dixital, deberán exhibir o selo de Lectura Fácil, que se obterá a través das entidades de certificación oficiais.

g). Nos casos de publicacións impresas en papel, deberán ter unha tirada, para as obras de lectura fácil en galego, de como mínimo, de 300 exemplares.

h). Nos casos de publicacións en soporte dixital, deberán estar presentes para a súa comercialización nalguna plataforma dixital.

## **Artigo 9. Obras excluídas**

Non serán obxecto de subvención mediante a presente convocatoria aqueles libros que se atopen incluídos nalgún dos seguintes apartados:

- a). Libros de texto, enciclopedias, dicionarios e os dirixidos ao mundo do ensino.
- b). Libros de bibliófilo e obras con edición limitada e numerada.
- c). Obras editadas en fascículos e as editadas en follas non encadernadas, cambiables ou suprimibles sen detrimento de o seu conxunto.
- d). Obras editadas por calquera administración pública.
- e). Obras publicadas por entidades susceptibles de ser beneficiarias por encargo das entidades que non poidan optar ás subvencións (institucións públicas, empresas non editoriais...) obxecto da presente orde.
- f). Obras publicadas polos seus propios autores, obras non venais e antoloxías realizadas polo mesmo editor.
- g). Obras para a súa venda a prazos, e obras editadas por clubs do libro ou similares que só sexan accesibles a socios ou adheridos.
- h). Álbums, recortables, libros de pintar e colorear, libros con adhesivos, pasatempos e cadernos de caligrafía.
- i). Anuarios, publicacións periódicas e separatas ou números monográficos destas, dietarios e similares.
- k). Obras de lectura fácil reimpresas.





## Artigo 10. Presentación de solicitudes

1. As persoas, físicas ou xurídicas, que desexen acollerse ás subvencións reguladas nesta orde deberán presentar a solicitude coa indicación da modalidade ou modalidades na que desexan participar. Anexo I (CT238B) e anexo II (CT238C).
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I (CT238B) e anexo II (CT238C).

Esta liña de axudas diríxese a empresas do sector editorial que poden ser tanto persoas físicas como xurídicas. As persoas autónomas que participen nesta orde de axudas, en aplicación do artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, están obrigadas a relacionarse coa Xunta de Galicia a través de medios electrónicos dado que ao tratarse de persoas que exercen a actividade editora polo réxime de autónomos, poden operar coa administración a través de medios telemáticos xa que dispoñen da capacidade técnica e os medios electrónicos necesarios para relacionarse coa administración na contorna dixital.

3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.
4. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

## Artigo 11. Prazo de presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.





2. Non serán admitidas en ningún caso solicitudes presentadas fóra do prazo e da forma establecida nesta orde.

## **Artigo 12. Documentación complementaria**

1. As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación común ás dúas modalidades:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación poderá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

b) Copia do último recibo de pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.

c). Certificación de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, no caso de que a editorial teña o domicilio fiscal fóra de Galicia.

2. Esta documentación só se presentará unha vez, no caso de varias solicitudes da mesma editora.

3. A documentación que se achegue coa solicitude debe vir obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación





electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

6. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. A non correspondencia do documento presentado co orixinal será causa de denegación ou revogación da subvención.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

8. No caso de que algún dos documentos que se pretenda presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### **Artigo 13. Comprobación de datos**

1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) DNI ou NIE da persoa representante
- c) NIF da entidade solicitante
- d) NIF da entidade representante
- e). Alta no imposto de actividades económicas (IAE)
- f). Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- g). Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- h). Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da comunidade autónoma





i). Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.

k). Consulta de concesións de subvencións e axudas.

l). Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Artigo 14. Emenda das solicitudes**

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se lle terá por desistida da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **Artigo 15. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 16. Instrución do procedemento**

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro a instrución do procedemento de concesión de subvencións e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3. Ás solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria asignaráselle a cantidade resultante para o cumprimento da finalidade deste orde.

4. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, rematada a tramitación do expediente, o órgano instructor formulará directamente a proposta de resolución ao órgano concedente, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

### **Artigo 17. Proposta de resolución**

Realizada a repartición, o órgano instructor elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Cultura quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

### **Artigo 18. Resolución**

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluírase a relación de beneficiarios, as cantidades concedidas así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Así mesmo, farase pública no portal <https://www.cultura.gal>

2. Tamén, deberá comunicarse ás persoas beneficiarias o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de axuda de minimis exenta en aplicación do Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L).

3. O prazo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





4. A persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo ao vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa.

## **Artigo 19. Recursos**

A resolución pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e contra ela cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da data de notificación, ou recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

## **Artigo 20. Publicación dos actos**

1. Sobre este procedemento administrativo, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seguintes medios:

a). Portal web oficial da Dirección Xeral de Cultura (<https://www.cultura.gal>) onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta orde.

b). Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal>).

2. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución definitiva, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través do portal web <https://www.cultura.gal>

## **Artigo 21. Transparencia e bo goberno**

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas, físicas e xurídicas, beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

## **Artigo 22 Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas, realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





## **Artigo 23. Aceptación das subvencións**

1. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a aceptación da subvención, a contar desde o día seguinte á data de publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
2. Quedará sen efecto a concesión ás persoas beneficiarias que non acepten a subvención

## **Artigo 24. Obrigas das persoas beneficiarias**

As persoas, físicas ou xurídicas, beneficiarias quedan obrigadas a:

- a). Destinar a subvención ao estipulado no proxecto de edición presentado coa solicitude.
- b). Se para a realización da actividade obxecto da subvención se utiliza calquera elemento susceptible de xerar dereitos de autor, debe cumprirse co que dispón a normativa sobre propiedade intelectual.
- c). Cumprir o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d). Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e). Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

## **Artigo 25. Pagamento**

De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase como efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención total ou parcial, segundo proceda, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o





disposto nos artigos 9 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da finalidade da subvención.

## **Artigo 26. Xustificación**

1. So se financiarán os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a realización dos mesmos.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a persoa beneficiaria da subvención deberá xustificar que os gastos subvencionables deberán ter sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial de aplicación, ou no seu defecto nos establecidos na Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais.

2. Non se consideran gastos subvencionables os honorarios relativos aos gastos de tradución que foran asumidos a través da orde de axudas específica nas últimas dez convocatorias.

3. A xustificación das subvencións desta orde debe realizarse separadamente por modalidades coa documentación xustificativa correspondente a cada unha delas:

a) Para o pagamento da primeira anualidade, deberá enviar a seguinte documentación, antes do 30 de setembro de 2025: Anexo I.A (CT238B) e Anexo II.A (CT238C)

- Compromiso de inicio da produción da obra por parte da entidade beneficiaria que debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2025.

- Documentación acreditativa, debidamente formalizada, de contar cos dereitos de propiedade intelectual precisos para a publicación da obra (contratos ou calquera outra documentación acreditativa).

b) A xustificación da totalidade da subvención concedida, incluída a primeira anualidade xa recibida, xustificarse ata o 30 de setembro de 2026 (inclusive), e realizárase o pagamento, tras a entrega por parte da persoa beneficiaria da seguinte documentación: Anexos I.B (CT238B) e II.B (CT238C)

- Relación detallada de gastos subvencionables efectuados mediante facturas, acompañados dunha declaración responsable conforme os ditos gastos corresponden á obra subvencionada que, deberán achegarse como documentos adxuntos a través da sede electrónica. No caso de facturas que inclúen pagamentos conxuntos,





correspondentes a varias obras, debe poñerse só a parte que corresponda á obra subvencionada máis a parte proporcional dos impostos. Esta relación de gastos efectuados mediante facturas está incluída nos Anexo I.B e II.B

- Certificación expedida pola persoa beneficiaria onde consten os gastos subvencionables efectuados con medios humanos e materiais propios da entidade, de ser o caso. Tamén debe constar o tempo dedicado a estas tarefas, a súa cuantificación e o importe por hora. Así mesmo, deberán acreditar que as persoas que desenvolven estas tarefas están incluídas no seu cadro de persoal (contratos ou outra documentación acreditativa).

Considéranse documentos xustificativos do pagamento os seguintes:

- Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento.

- Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda.

- Identificación da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e entidade que emitiu a factura.

4. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 1.000 €. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo provedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

5. As persoas beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditaren a realización dos proxectos subvencionados e a xustificaren a totalidade do orzamento presentado na solicitude, no prazo establecido na presente orde. No caso de non xustificarse a totalidade do orzamento previsto do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

6. Esta documentación dirixirase á Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, con data límite a de finalización do período de xustificación, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda e Administración Pública que regule as operacións de peche de exercicio.

7. A documentación requirida na fase xustificativa deberá presentarse electronicamente, accedendo ao expediente do presente procedemento na carpeta cidadá da persoa física ou xurídica que presentou a solicitude de inicio, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>, mediante o formulario normalizado habilitado para o efecto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.





8. A Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro poderá requirir en todo momento ás persoas solicitantes que acheguen a documentación complementaria que considere necesaria co fin de completar a solicitude e xustificar a axuda.

9. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 27. Perda do dereito á subvención e procedemento sancionador**

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigacións estipuladas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

### **Artigo 28. Controis**

A consellería competente realizará actuacións de seguimento e control das axudas concedidas que considere oportunas, ben con medios propios ou externos, a fin de comprobar o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e o destino definitivo. O beneficiario estará obrigado a colaborar na labor de control, proporcionando os datos requiridos.





## **Artigo 29. Comprobación das subvencións**

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.
2. Será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **Artigo 30. Recursos**

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer o interesado recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

## **CAPÍTULO II**

### **Disposicións específicas para cada modalidade**

#### **Sección Primeira. Modalidade A.**

*Axudas ao sector editorial relativas a gastos de produción, distribución e comercialización de audiolibros en galego.*

## **Artigo 31. Persoas beneficiarias**

As solicitudes para a produción de audiolibros en galego poderán ser presentadas polas persoas físicas ou xurídicas que acrediten a súa condición de editoras de acordo co establecido no artigo 8 da presente orde.

## **Artigo 32. Imputación orzamentaria**

1. As axudas, de carácter plurianual, concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.770.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe máximo de 75.000 €, dos cales 35.000 € corresponden á anualidade 2025 e 40.000 € á anualidade 2026.





2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar ao incremento da contía total das subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

### **Artigo 33. Audiolibros obxecto de subvención**

Os audiolibros obxecto de subvención deberán reunir as seguintes características:

a). Os audiolibros deberán ter como orixe unha obra cuxa primeira edición fora publicada previamente en galego nos últimos dez (10) anos ou en calquera outro idioma que, no seu caso, se traducira á lingua galega.

b). Os audiolibros deberán ser unha reprodución fidedigna da obra na que teñan a súa orixe.

Realizaranse a partir de obras orixinais dunha antigüidade máxima de dez (10) anos, non se admitirán obras/títulos que foran publicadas en ningún formato ou idioma con anterioridade a 2014.

c). Os audiolibros deberán editarse para a súa comercialización. A efectos destas bases, enténdese por edición comercial a que estea suxeita a un prezo de venda ao público.

d). Comercializaranse a través de plataformas de distribución dixital.

e). A produción, distribución e comercialización das obras deberase realizar entre o 01/01/2025 e o 30/09/2026, ambos inclusive.

f). Deberán contar cun plan de distribución e comercialización.

g). Cada editorial poderá solicitar axuda para un máximo de 5 audiolibros.

### **Artigo 34. Requisitos básicos de participación**

1. As persoas, físicas ou xurídicas, solicitantes deberán presentar un plan de edición individualizado por cada obra para a que solicita a subvención.

2. A persoa solicitante debe estar legalmente constituída como editorial con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025.





### **Artigo 35. Documentación específica a presentar coa solicitude**

1. Coa solicitude deberase achegar, ademais da documentación á que se refire o artigo 13, a seguinte documentación específica por cada audiolibro:

- a). Plan de edición (único documento) no que a editora xustifique a necesidade da subvención para completar o plan coas características propostas. Incluirá as características do audiolibro: contido, enfoque, traxectoria do autor/a, traxectoria do/a director/a de dobraxe, traxectoria dos/as intérpretes da voz, o prazo estimado de produción, proceso de produción, o número de edicións da obra orixinal que saíran á venda e os canles de venda. Para cada audiolibro incluído no plan de edición: características técnicas e custe de produción.
- b). Plan de marketing indicando as estratexias de segmentación e público, estratexia de comunicación, canles de distribución e estratexia de internacionalización, de ser o caso.
- c). Referencia bibliográfica da obra orixinal a partir da que se vai realizar o audiolibro, na que consten como mínimo: o título, a autoría, o número de Depósito Legal, o ISBN e o número de edición.
- d). Certificación por parte da entidade editora da obra orixinal sobre a que se producirán os audiolibros na que conste o número de palabras das que se compón a obra.

2. A documentación específica deberá presentarse electronicamente.

### **Artigo 36. Contía da axuda**

A contía da axuda determinarase sobre os límites máximos de gastos subvencionables.

1. Adxudicaranse as subvencións por orde de puntuación unha vez aplicados os criterios e as limitacións orzamentarias establecidas neste artigo, asegurando que o importe final adxudicado a cada audiolibro sexa o 80 % do orzamento solicitado, ata esgotar o orzamento da convocatoria.
2. O importe máximo co que se subvencionará cada audiolibro será de 5.000 €.
3. Adxudicarase unha axuda de, como máximo, 20.000 € por empresa editora.
4. Para a determinación das subvencións a conceder, teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

#### **4.1. Interese cultural da obra: máximo 15 puntos.**

- a). Idioma da obra orixinal:

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





Orixinal cuxa primeira edición fora publicada en galego nos últimos 10 anos: 10 puntos.

Orixinal cuxa primeira edición fora publicada noutro idioma, nos últimos 10 anos, e traducido ao galego: 5 puntos.

b). Número de edicións da obra orixinal:

Primeira edición: 1 punto

Segunda edición: 2 puntos

Terceira edición: 3 puntos

Cuarta edición: 4 puntos

Quinta edición e seguintes: 5 puntos

*4.2. Traxectoria do/a autor/a: máximo 15 puntos.*

a). Autor/a con obra editada en galego nos últimos 10 anos: máximo 10 puntos.

1 obra : 2 puntos

2 obras: 3 puntos

3 obras: 4 puntos

4 obras: 5 puntos

5 obras ou máis: 10 puntos

b). Autor/a con obra editada noutros idiomas distintos do galego nos últimos 10 anos: máximo 5 puntos.

1 obra : 1 punto

2 obras: 2 puntos

3 obras: 3 puntos

4 obras: 4 puntos

5 obras ou máis: 5 puntos

*4.3. Extensión da obra orixinal: máximo 20 puntos.*

Menos de 5.000 palabras: 3 puntos

Entre 5.001 e 10.000 palabras: 6 puntos

Entre 10.001 e 20.000 palabras: 9 puntos

Entre 20.001 e 30.000 palabras: 11 puntos

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





Entre 30.001 e 40.000 palabras: 14 puntos

Entre 40.001 e 50.000 palabras: 17 puntos

Máis de 50.001 palabras: 20 puntos

3. Quedarán excluídos e non serán seleccionados aqueles proxectos que non obteñan polo menos un 20 % de puntos do baremo de valoración.

Non se subvencionará ningún audiolibro do que non se fixera a debida comprobación da calidade lingüística e da calidade da gravación por parte de persoas expertas lingüistas.

### **Artigo 37. Documentación xustificativa.**

O importe adxudicado en concepto de subvención deberá ser xustificado a través dos documentos acreditativos dos gastos polos que a persoa beneficiaria reciba a axuda unha vez ditada a resolución.

1. As persoas beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditar a realización das actividades subvencionadas.

2. Xustificación das axudas e documentación a presentar:

Para a xustificación dos gastos realizados a persoa beneficiaria deberá achegar ademais da documentación xeral á que se refire o artigo 27 desta orde a seguinte documentación de carácter específico: Anexo IB (CT238B)

- Comunicación que acredite un acceso á publicación e que facilite a comprobación da súa calidade así como que ao final da alocución se escoite o seguinte: «É unha obra subvencionada pola Xunta de Galicia».

- Comunicación que acredite a plataforma ou plataformas de venda e distribución onde o audiolibro está aloxado.

- Contrato coa persoa física ou xurídica intérprete da voz a partir de 1 de xaneiro de 2025, conforme ao establecido na Lei de propiedade intelectual, no que debe constar o importe e os datos identificativos da persoa, no seu caso.

- Contrato coa persoa física ou xurídica que se ocupe da dirección da voz intérprete a partir de 1 de xaneiro de 2025, conforme ao establecido na Lei de propiedade intelectual, no que debe constar o importe e os datos identificativos da persoa, no seu caso.

- Currículo da persoa física ou xurídica-intérprete da voz, de ser o caso.





- Currículo da persoa física ou xurídica que se ocupe da dirección da voz intérprete, de ser o caso.
- Deseño da portada do audiolibro que conterá os seguintes datos: título, autoría e/ou o selo editorial.
- Páxina de créditos do audiolibro na que consten os seguintes datos: editora, ano de publicación, versión, duración (expresada en horas e minutos) e nº de ISBN.

## **Sección Segunda.**

### **Modalidade B.**

*Axudas ao sector editorial, relativas a gastos de produción, distribución e comercialización de libros de lectura fácil en formato físico ou dixital, en galego.*

#### **Artigo 38. Persoas beneficiarias**

As solicitudes para a produción de libros de lectura fácil en galego poderán ser presentadas polas persoas físicas ou xurídicas que acrediten a súa condición de editoras de acordo co establecido no artigo 8 da presente orde.

#### **Artigo 39. Imputación Orzamentaria**

1. As axudas, de carácter plurianual, concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.770.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de 75.000 €, dos cales 35.000 € corresponden á anualidade 2025 e 40.000 € á anualidade 2026.
2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar ao incremento da contía total das subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

#### **Artigo 40. Libros de lectura fácil obxecto de subvención**

Os libros de lectura fácil obxecto de subvención deberán reunir as seguintes características:

- a). Deberán estar editados en galego ou calquera outro idioma que, no seu caso, se traducirá á lingua galega, e cuxa produción sexa comercializada a través de librarías





ou doutras canles de distribución física ou dixital. A efectos destas bases, enténdese por edición comercial a que estea suxeita a un prezo de venda ao público.

b). A edición, distribución e comercialización das obras deberase realizar entre o 01.01.2025 e o 30.09.2026, ambos inclusive.

c). Serán unha primeira edición dunha obra inédita en galego, ou ben a adaptación dunha obra xa publicada orixinariamente en galego, dunha antigüidade máxima de dez (10) anos, non se admitirán obras/títulos que foran publicadas en ningún formato ou idioma con anterioridade a 2014 e da que exista adaptación de lectura fácil no mercado.

d). Serán traducións ao galego de obras publicadas noutro idioma e que xa estean adaptados para a lectura fácil.

e). Unha obra que estea editada en varias encadernacións (rústica, cartonné, etc.) só poderá presentarse nunha delas.

f). Deberán contar cun plan de distribución e comercialización.

g). Empregarán o logo de Lectura Fácil como selo de calidade, que garante o seguimento das Directrices Internacionais de Lectura Fácil marcadas pola IFLA (Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas) e Inclusión Europe, e polo tanto, acredita a validación das obras adaptadas.

Deberán contar coa certificación por parte dunha entidade validadora oficial de que se realizou a adaptación e validación da obra.

h). Serán difundidos a través do mercado do libro e no seu caso, a través dos catálogos das entidades especializadas en accesibilidade e inclusión.

i). Cada editorial poderá solicitar axuda para un máximo de 5 libros creados ou adaptados para a lectura fácil.

## **Artigo 41. Requisitos básicos de participación**

1. As persoas, físicas ou xurídicas, solicitantes deberán presentar un plan de edición individualizado por cada obra para a que solicita a subvención.

2. A persoa solicitante debe estar legalmente constituída como editorial con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025.





## Artigo 42. Documentación específica a presentar coa solicitude

1. Coa solicitude deberase achegar ademais da documentación de carácter xeral, a seguinte documentación específica:

- a). Plan de edición (único documento) no que a editora xustifique a necesidade da subvención para completar o plan coas características propostas. Incluirá as características do libro adaptado a lectura fácil: contido, enfoque, traxectoria do autor/a, prazo estimado de edición, número de edicións da obra orixinal que se puxeran á venda, entidade/s de validación, proceso de produción, as canles de venda, características técnicas e custe de produción.
- b). Plan de márketing indicando as estratexias de segmentación e público, estratexia de comunicación, canles de distribución e estratexia de internacionalización, de ser o caso.
- c). Referencia bibliográfica da obra orixinal a partir da que se vai realizar a adaptación, na que consten como mínimo: o título, a autoría, o número de Depósito Legal, ISBN e o número de edición.
- d). Certificación por parte da entidade editora da obra orixinal que se adaptará na que conste o número de palabras das que se compón a obra.

2. A documentación específica deberá presentarse electronicamente.

## Artigo 43. Contía da axuda

A contía da axuda determinarase sobre os límites máximos de gastos subvencionables.

1. Adxudicarase as subvencións por orde de puntuación unha vez aplicados os criterios e as limitacións orzamentarias establecidas neste artigo, asegurando que o importe final adxudicado a cada libro de lectura fácil sexa o 90 % do orzamento solicitado, ata esgotar o orzamento da convocatoria.

2. O importe máximo co que se subvencionará cada libro creado ou adaptado en lectura fácil será de 4.000 €.

3. Adxudicarase unha axuda de, como máximo, 15.000 € por empresa editora.

4. Para a determinación das subvencións para conceder, teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

*4.1. Interese cultural da obra: máximo 20 puntos.*

a). Idioma da obra orixinal:





Orixinal editado en galego nos últimos 10 anos: 15 puntos

Orixinal editado noutro idioma, nos últimos 10 anos, e traducido ao galego: 5 puntos

b). Número de edicións da obra orixinal:

Primeira edición: 1 punto

Segunda edición: 2 puntos

Terceira edición: 3 puntos

Cuarta edición: 4 puntos

Quinta edición e seguintes: 5 puntos

*4.2. Traxectoria do/a autor/a: máximo 10 puntos.*

a). Autor/a con obra editada en galego nos últimos 10 anos:

1 obra : 1 punto

2 obras: 2 puntos

3 obras: 3 puntos

4 obras: 4 puntos

5 ou máis obras: 5 puntos

b). Autor/a con obra editada noutros idiomas distintos do galego nos últimos 10 anos:

1 obra : 1 punto

2 obras: 2 puntos

3 obras: 3 puntos

4 obras: 4 puntos

5 ou máis obras: 5 puntos

*4.3. Extensión da obra orixinal: máximo 20 puntos.*

Menos de 5.000 palabras: 3 puntos

Entre 5.001 e 10.000 palabras: 6 puntos

Entre 10.001 e 20.000 palabras: 9 puntos

Entre 20.001 e 30.000 palabras: 11 puntos

Entre 30.001 e 40.000 palabras: 14 puntos

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





Entre 40.001 e 50.000 palabras: 17 puntos

Máis de 50.001 palabras: 20 puntos

3. Quedarán excluídos e non serán seleccionados aqueles proxectos que non obteñan polo menos un 20 % de puntos do baremo de valoración.

4. Os gastos de produción das obras creadas ou adaptadas en lectura fácil subvencionaranse respectando os seguintes límites máximos:

- Dereitos de autoría: 1.000 €
- Impresión da obra: 3.000 €
- Deseño e maquetación: 1.000 €
- Ilustración: 2.500 €
- Tradución: 800 €
- Gastos de difusión e comunicación do proxecto: 800 €
- Pagamento a entidades oficiais de adaptación e validación: 1.500 €
- Traballos realización a través dos recursos humanos propios da entidade: 2.500 €

#### **Artigo 44. Documentación xustificativa.**

O importe adxudicado en concepto de subvención deberá ser xustificado a través dos documentos acreditativos dos gastos polos que a persoa beneficiaria reciba a axuda unha vez ditada a resolución.

1. As editoriais beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditaren a realización das actividades subvencionadas.

2. A xustificación das axudas e documentación a presentar:

Para a xustificación dos gastos realizados a persoa beneficiaria deberá achegar ademais da documentación xeral á que se refire o artigo 27 desta orde a seguinte documentación de carácter específico: Anexo II.B (CT238C).

-Comunicación da persoa beneficiaria onde conste a plataforma ou plataformas de venda e distribución onde o libro en lectura fácil estea aloxado no caso de que se trate da versión en formato dixital. Está incluída no Anexo II.B.

- Comunicación da persoa beneficiaria onde conste, no caso de que o libro sexa en formato físico, un mínimo de cinco (5) librarías onde estea á venda e a provincia na que se atopan.





- Documentación acreditativa da obtención do selo de lectura fácil a través dalgunha entidade oficial de certificación.
- Un exemplar da obra editada en formato físico ou copia da xustificación da súa presentación nun rexistro oficial.

### **Disposición adicional. Base de Datos Nacional de Subvencións e Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.**

1. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do artigo 20 será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas. A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

A entidade outorgante das axudas consignará na BDNS, no prazo de 20 días hábiles a partir da concesión da axuda, a información sinalada no artigo 6.1 do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L).

2. As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurará no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Disposición adicional segunda. Delegación de atribucións**

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

### **Disposición derradeira primeira**

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela





Santiago de Compostela,

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

(P.D. Orde do 28 de xuño de 2024. DOG núm. 130 do 05.07.2024)

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Elvira María Casal García

Insírase no DOG

A secretaria xeral técnica

Elvira M<sup>a</sup> Casal García

Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro  
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela

